

**ORDENANZA FISCAL Núm. 7**  
**REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN**  
**DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS**

**Artigo 1: Fundamento e Natureza**

En uso das facultades concedidas polo art. 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos art. 15 a 19 do RDL 2/2004, este Concello establece a taxa de administración por determinados documentos que expide ou que entenda a administración municipal ou as autoridades municipais a instancia de parte, que se ha rexer pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó regulado no art. 57 do citado RDL 2/2004.

**Artigo 2 : Feito imponible**

1.-Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida para a tramitación, a instancia de parte, dos documentos ou expedientes que se recollen no artigo 4 da presente ordenanza.

2.-A estes efectos se entenderá tramitar a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose iniciada polo particular ou que lle beneficie aínda no caso de que este non o solicitara.

**Artigo 3 : Suxeito pasivo**

1. Son suxeitos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou non intereses dos cales redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.
2. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os arts. 42 e seguinte,s do RDL 2/2004, texto refundido da Lei de facendas locais.

**Artigo 4 : Tarifa**

a) Por cada verificación de suficiencia dun poder efectuado polo secretario xeral	32,46 €
Unha vez que o secretario xeral verifique a suficiencia dun poder, este será adecuado e suficiente para os efectos desta Corporación mentres non sexa obxecto de modificación ou revogación, polo que non serán precisas novas dilixencias de verificación de suficiencia para tomar parte validamente en posteriores expedientes de contratación.	
b) Por cada licenza de uso de escopetas de aire comprimido	10,08 €
c) Por cada copia do plano da cidade	10,08 €
Por cada copia do plano da serie da rede de sumidoiros	9,51 €
Por cada copia do plano da serie da rede de auga	9,51 €
Por cada copia dos planos ou reprodución aérea dos polígonos catastrais	9,51 €
d) Copias de planos:	
1.- Solicitud de copia de planos da cartografía oficial ou do planeamento xeral instadas polos interesados que resulten preceptivos para a tramitación de expedientes urbanísticos en curso (a liquidar xunto coa taxa do expediente ao que se achegue)	3,00 €
2.- Solicitud de copia de planos de proxectos en xeral da máquina reprodutora de plans por cada copia	9,51 €
e) Por expedición de certificación urbanística de infracción, das condicións de solar, da antigüidade da edificación e do uso, por cada unha	

		11,77 €
f) Por informes sobre réxime urbanístico por cada predio		27,08 €
Quedan excluídas desta taxa aquelas certificacións referidas á inclusión ou non do predio nun ámbito de Área de Rehabilitación Integral ou Área de Rehabilitación de Casco Histórico, a efectos de solicitar ou xustificar unha axuda á rehabilitación de edificios ou vivendas.		
g) Por expedición de cada cédula urbanística		30,00€
h) 1.-Taxas de licenza e rexistro de vehículos para a tora de madeira no termo municipal de Ferrol.		
- Tramitación de nova licenza ou renovación		19,20 €
- Por cada rexistro de vehículo en nova licenza ou novos rexistros de vehículos	PMA menor de 16 Tm:	3,87 €
	PMA igual ou superior a 16 Tm:	7,71€
2.-Taxa pola autorización de tala		2% da valoración da tala, debendo para iso achegar o interesado unha autorización administrativa da Administración competente.
i) Taxa pola tramitación e entrega de información cartográfica en soporte dixital. O importe da taxa recollerá os conceptos de tempo utilizado na realización do traballo e unidades de soporte informático utilizado para o seu almacenamento, tendo en conta que o criterio para calcular o importe da taxa será, polo tanto, a suma dos seguintes conceptos:		
Cada 30 minutos de traballo ou fracción		28,76 €
Por cada unidade de soporte informático	Disquete	0,45 €
	CD	0,81 €
j) Taxa por expedición de licenza para a tenencia de animais potencialmente perigosos, por cada licenza.		
		52,04 €
k) Expedición de informes pola Policía Local:		
• Relativo á accidentes de circulación realizados pola Policía Local (atestados)		70,00 €
• Expedición doutros informes .		30,00 €
Non estará suxeto a tasa alguna os informes solictiados en materia de convivencia e sinos externos.		
l) Expedición de informes técnicos no outorgamento de licenza de obras e outros. Cando dentro dun mesmo procedemento relativo ó outorgamento de licenzas de obra, instalación ou apertura, ou en xeral calquera outro procedemento en materia urbanística sexa necesaria a emisión de dous ou máis informes polos servizos técnicos municipais relativos a que a documentación presentada non é correcta (documentación incompleta ou que non cumpre ou non xustifica a normativa vixente), quedarán suxeitos a taxa os citados informes, sendo a súa		

contía:	
▪ Emisión do segundo informe	29,08 €
▪ Emisión do terceiro informe	37,39 €
▪ Emisión do cuarto informe e posteriores	41,53 €
<p>m) Visitas de inspección dos servizos técnicos na tramitación de licenza de apertura e outros.</p> <p>Cando dentro dun mesmo procedemento relativo á tramitación de licenzas de apertura e funcionamento de actividades, licenzas de primeira utilización de edificacións, legalizacións de obras ou cambio de uso, que requiran visitas de inspección por parte dos servizos técnicos sexa necesaria a realización de dous ou máis inspeccións polos ditos servizos porque as obras e instalacións non se axustan ás licenzas aprobadas e a documentación técnica presentada, quedarán suxeitos a taxa as citadas visitas de inspección, sendo a súa contía:</p>	
1. Segunda visita de inspección .	87,22 €
2. Terceira visita de inspección .	112,15 €
3. Cuarta e posteriores visitas de inspección .	124,60 €

#### **Artigo 5 : Normas de Xestión**

As taxas obxecto de imposición e ordenación nesta ordenanza quedan suxeitas ao rexime de autoliquidacións asistidas.

#### **Artigo 6: Beneficios fiscais**

Terá unha bonificación do **50%** da cota as liquidacións nas que concorran os seguintes requisitos:

- Que teña a condición de suxeito pasivo unha asociación con carácter de entidade de interés social.
- Que a dita asociación teña a condición de interesada nun procedemento administrativo que requira a expedición de documentos suxeitos á taxa.

#### **Infraccións e sancións tributarias**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que correspondan en cada caso, atenderase ó disposto nos arts. 77 e 55 da Lei xeral tributaria.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Cando a determinación do valor catastral para os efectos de determinar a tarifa correspondente á expedición de cédulas de habitabilidade estivese pendente de resolución polos centros de xestión catastral, o importe da taxa será de 10,82 euros por vivenda.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2014 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.